

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 17 DE  
NOVEMBRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezasete de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2011, sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2011, sesión extraordinaria do día 24 de outubro de 2011 e sesión extraordinaria do día 8 de novembro de 2011**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2011, sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2011, sesión extraordinaria do día 24 de outubro de 2011 e sesión extraordinaria do día 8 de novembro de 2011.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

**2º Proposta de aprobación do expediente de baixa por anulación n.º 1/2011, para dar cumprimento ao artigo 193 do Real decreto legislativo 2/2004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 10 de novembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 15 de novembro de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que manteñen a súa posición da comisión, abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén mantén a súa postura de abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, segundo consta no informe da Intervención municipal as baixas de créditos propostas non afectan nin perturban os correspondentes servizos e, por ese motivo, o seu grupo non se vai opoñer e vai manter o voto de abstención das comisións informativas.

Pero, con independencia diso, queren deixar claro que son conscientes de que respecto dos gastos de persoal, unha das partidas que se ven minoradas son as retribucións dos órganos de goberno, e non queren que se olvide que aínda que o importe das baixas son 16.000 euros, cada concelleiro do grupo de goberno subiuse nas súas asignacións 6.000 euros anuais, estando a cobrar 29.000 euros por catro horas de traballo. Quere destacar isto porque se están maquillando as notas de prensa que saen publicadas ultimamente, nas que sempre insisten en dicir que se reducen os gastos dos órganos de goberno. Cre que hai que ser xustos e honestos, e non quere deixar pasar este momento sen lembrar as circunstancias de crise e desemprego nas que se está.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que manteñen o voto de abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén mantén o voto da comisión, abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Reducir gastos do orzamento municipal de 2011, por importe de 440.378,73 euros, motivado na liquidación do orzamento municipal de 2010 con remanente líquido de tesourería para gastos xerais negativo por importe de 627.305,38 euros, dando así cumprimento ao artigo 193 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das fachendas locais.

Segundo: Aprobar o expediente de modificación de crédito por baixa por anulación número 1/2011 por importe de 440.378,73 euros, e co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Créditos anteriores	Baixa de crédito	Créditos definitivos
011.310	Xuros	180.652,91	30.000,00	150.652,91
132.120	Retribucións básicas persoal seguridade	269.970,92	50.000,00	219.970,92
132.121	Retribucións complementarias persoal seguridade	420.164,73	65.000,00	355.164,73
132.16000	Seguridade social persoal seguridade	208.786,18	25.000,00	183.786,18
133.22709	Servizo retirada vehículos	28.000,00	4.000,00	24.000,00
134.23020	Axudas de custo voluntarios protección civil	10.000,00	3.000,00	7.000,00
151.202	Aluguer de edificios	1.000,00	1.000,00	0,00
151.22706	Estudos e traballos técnicos	45.000,00	15.000,00	30.000,00
151.227061	Plan xeral ordenación municipal e cartografía	109.000,00	22.329,73	86.670,27
155.210	Mantemento de vías públicas	120.000,00	18.000,00	102.000,00
161.210	Mantemento rede abastecemento e saneamento	51.525,42	18.000,00	33.525,42
241.22608	Gastos diversos A.D.L	4.000,00	2.000,00	2.000,00
241.22700	Limpeza centro municipal de formación	19.000,00	5.000,00	14.000,00
2411.22199	Taller de emprego	6.000,00	6.000,00	0,00
441.450	Plan de transporte metropolitano	200.650,94	46.049,00	154.601,94
912.100	Retribucións membros órganos goberno	210.147,42	16.000,00	194.147,42
912.110	Retribucións persoal de gabinete	56.327,76	15.000,00	41.327,76
920.120	Retribucións básicas funcionarios	266.585,17	18.000,00	248.585,17
920.121	Retribucións complementarias funcionarios	361.080,35	25.000,00	336.080,35
920.16000	Cotas seguridade social	216.813,14	25.000,00	191.813,14
920.206	Aluguer equipos informáticos	3.000,00	3.000,00	0,00
920.22000	Material de oficina	28.000,00	5.000,00	23.000,00
920.224	Primas de seguros	85.000,00	15.000,00	70.000,00
920.23020	Axudas de custo do persoal	18.000,00	8.000,00	10.000,00
	<b>Totais</b>	<b>2.918.704,94</b>	<b>440.378,73</b>	<b>2.478.326,21</b>

**3º Proposta de constitución con carácter permanente, da Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación nos procedementos abertos, restrinxidos e procedementos negociados con publicidade**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de outubro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 15 de novembro de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, no anterior pleno, o seu grupo solicitara a retirada deste punto da orde do día, por canto entendían que a mesa de contratación podería tamén constituirse para todos aqueles procedementos negociados sen publicidade, que son a maior parte dos que se levan a cabo neste concello.

Recibida información por parte dos técnicos, a demora na xestión das contratacións que esta incorporación da mesa de contratación levaría consigo, fíxolles cambiar de opinión, ao entender que nestes momentos é importante que a xestión de contratación sexa o máis fluída posible, ademais de contar co compromiso por parte do equipo de goberno de telos informados das diferentes licitacións que vaian a sacarse polo procedemento negociado sen publicidade. Nese sentido, manteñen o manifestado nas comisións e votan a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu voto tamén vai ser positivo, xa que consideran que a mesa de contratación é un órgano de participación, e así o manifestaron nesta lexislatura cando solicitaron que os grupos da oposición formaran parte dela, por considerar a súa exclusión democraticamente inaceptable. É un órgano no cal os concelleiros da oposición teñen a posibilidade de exercer o seu dereito de control e fiscalización do goberno. Por todo isto, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que manteñen o voto a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vota a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 161 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 295 da antedita Lei 30/2007.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Manuel Rivas Caridad, ou no seu lugar, o concelleiro/a da Corporación no que delegue.

-Vogais:

1. O concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación don Felipe Andreu Barallobre, e como suplente, a concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Comercio, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.
2. O/a concelleira/a delegado/a da área municipal que propoña a contratación da obra, servizo ou subministración de que se trate.
3. Un representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
4. Un representante do grupo municipal de UxC, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
5. Un representante do grupo municipal do BNG, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
6. Un representante do grupo municipal de EU, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
7. Un representante do Grupo Mixto, a designar polo grupo municipal (titular e suplente)
8. A secretaria da Corporación, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré
9. A interventora da Corporación, dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices
10. O técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate, ou funcionario/a da mesma sección no que delegue

- Secretaria: a técnica de xestión de administración xeral, dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral dona M<sup>a</sup> Verónica Otero López.

Terceiro: Dado que a designación dos membros da Mesa de Contratación ten carácter permanente, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e art. 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

#### **4º Proposta de delegación no Consorcio das Mariñas, da xestión do servizo de lacería, canceira, sacrificio e xestión final de cadáveres de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, dentro do termo municipal do Concello de Cambre**

O Sr. alcalde informa que se retira este punto da orde do día, deixándoo sobre a mesa para aprobalo nun próximo pleno, en vista de que cren que non existe suficiente documentación, que terán que achegar a todos os membros do pleno antes de ratificar se se adhiren ao Consorcio das Mariñas ou non. A proposta feita polo Consorcio é moi beneficiosa para Cambre, pero consideran que debe estar mellor fundamentada. Significa un aforro anual de 24.000 euros, e cren que isto hai que estudalo con detención.

Polo tanto, di que se deixa sobre a mesa o asunto para un próximo pleno, e retírase da orde do día.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se non poden falar deste punto.

O Sr. alcalde contesta que se o retira da orde do día é para non falar del, porque non ten sentido falar de algo se retiran a proposta.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se o Concello de Cambre está agora sen servizo de lacería.

O Sr. alcalde contesta que non se está sen servizo.

#### **5º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que antes de comezar a ler a moción quixera manifestar a súa máis enérxica protesta, a protesta do seu grupo, polo uso que se ten dado deste texto, que foi contestado por parte do grupo de goberno, en concreto polo Sr. alcalde, nunha nota de prensa que tivo acollida nos medios de comunicación, en concreto en ‘El Ideal Gallego’, ‘La Voz de Galicia’, e cre que tamén en ‘La Opinión’, o pasado domingo.

Entenden que non é de recibo que unha moción que o seu grupo presenta o venres pasado con intención de que sexa discutida e deliberada no pleno, se fure a súa discusión, cun posicionamento por parte dun grupo, en concreto polo Sr. alcalde, e que se manifeste nos medios de comunicación. Entenden que é unha falta de respecto ao Pleno, unha falta de respecto tamén aos veciños que asisten ao pleno para enterarse das deliberacións sobre as distintas mocións presentadas polos grupos, e, polo tanto, reitera a súa máis enérxica protesta, e gustaríalles que este tipo de condutas non se volvan repetir.

A continuación, dá lectura á moción presentada.

**A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a “Cambre no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2012”**

Rexistrada de entrada ao núm. 18144 o día 11 de novembro de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“ O goberno galego ven de presentar o seu proxecto de orzamentos para o ano 2012. Analizado este, observa este grupo que a única referencia explícita, en materia de investimentos a realizar no noso concello é unha obra de ampliación do colexio Wenceslao Fernández Flórez, cun importe de 100.000 €

Un ano máis, a pesares do novo goberno municipal, a Xunta de Galicia ven amosando o seu esquecemento e desconsideración diante dos case vinte e cinco mil veciños que residen en Cambre.

Facendo unha sinxela operación ven a resultar que cada cambrés impórtalle á Xunta de Galicia a irrisoria cantidade de 4€

Pero se xa este ridículo compromiso económico resulta un insulto para Cambre, a situación se agrava cando observamos as promesas incumpridas adquiridas polas Consellerías de Sanidade e Traballo ao longo dos últimos meses e anos co noso concello.

Baste dicir que nada se recolle no proxecto de orzamentos para executar a obra do centro de saúde do Temple, comprometida pola conselleira de Sanidade, dona Pilar Farjas, que en carta dirixida o 23 de xullo do 2010 ao, por entón, alcalde de Cambre, manifestaba:

*“Así temos previsto licitar a construción dos centros de saúde comprometidos neste exercicio, e nos que se incumpriron todos os pasos legais e administrativos por parte do concello na cesión da parcela necesaria para a súa construción. Entre eles está o centro de saúde do Temple do teu concello”.*

Un caso, se cabe, máis grave de desconsideración é o protagonizado pola conselleira de Traballo e Benestar Social, dona Beatriz Mato, que formou parte da lista do Partido Popular por este concello nas eleccións municipais de maio pasado, que en visita xirada ao alcalde de Cambre, o día 23 de agosto, manifestaba aos medios de comunicación:

*“Cambre será dos primeiros municipios que terá unha escola infantil xa que se trata dun concello prioritario na planificación das escolas infantís da rede Galiña Azul para o curso 2012-2013”.*

Pois ben no proxecto de orzamentos autonómicos tampouco se recolle partida ningunha para financiar as obras desta instalación educativa tan necesaria. En fin, parece que á Sra. Mato o seu compromiso con Cambre duroulle o mesmo que a súa campaña electoral, 15 días.

Todos estes feitos obrigan a que Cambre, por medio dos seus lexítimos representantes, manifesten o seu rexeitamento á desconsideración que, un ano máis, a Xunta de Galicia ten cara a Cambre e os seus veciños, e que se manifesta no feito de non recoller no documento orzamentario para o 2012 partidas suficientes para atender as súas necesidades en materias como educación e sanidade.

Con base en todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Dirixirse ao presidente da Xunta de Galicia para manifestarlle a nosa protesta polo abandono a que somete ao noso concello o proxecto orzamentario autonómico para 2012, instándolle a que adopte as medidas oportunas, no seu proceso de tramitación, co fin de que se consignen as partidas necesarias para executar as obras comprometidas do centro de saúde do Temple e da escola infantil, así mesmo, do Temple.

Segundo: Dirixirse aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, co fin de que presenten as iniciativas oportunas en sede parlamentaria para dar cumprimento ao instado no acordo primeiro da presente moción.”

O Sr. alcalde manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, pero vai facelo porque lles parece xusto pedir máis, non porque os investimentos da Xunta en Cambre sexan unha falta de respecto ao concello, porque el pode dicirlle que os investimentos da Xunta do ano que vén, que son extraorzamentarios, van ser maiores que en toda a legislatura pasada.



Con respecto á nota de prensa, pode dicirlle que esa nota saíu porque el estivo reunido coa conselleira de Sanidade, e saíu como consecuencia desa reunión, onde lle dixo que o centro de saúde se licitaba antes do mes de marzo do ano 2012. É un investimento de 5 millóns para Cambre que se vai realizar nos próximos tres anos. E di que el tamén cre á conselleira de Benestar Social cando lle di que vai construír o colexio da Galiña Azul, aínda que non estea nos papeis, porque é unha partida extraorxamentaria.

Continúa dicindo que, ademais dese investimento, a Xunta, a través de Augas de Galicia, vai facer un investimento en Cambre de 1.300.000 euros, na construción do bombeo do Paseo dos Templarios, da canalización do río de San Pedro, e o arranxo do regato da Gándara, con iso eliminarán todos os posibles vertidos que aínda quedan na ría.

Tamén ten o compromiso verbal, que tampouco aparece nos orzamentos, do arranxo da estrada autonómica AC-214, ao seu paso pola Xira, no tramo que vai entre As Carrozas e a N-550.

En todo caso, con ser importante o investimento que fai a Xunta, o seu grupo sempre pide máis, e van seguir defendendo iso, polo tanto, van apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar a moción. Ademais, aproveitando a redacción da moción do PSOE, quere dicirlle algo ao Sr. alcalde sobre a conselleira dona Beatriz Mato. Di que eles tamén queren protestar enerxicamente porque lles chegou hoxe, cre que a todos os concelleiros, a invitación a unha entrega de diplomas mañá no Centro de formación ocupacional. Queren facer unha protesta porque é a primeira vez que a Xunta de Galicia, nun curso en Cambre, ven entregar os diplomas. Cre que os concelleiros que están aquí, que no seu día tamén asumiron competencias de emprego, o poden dicir. É a primeira vez que se fai, a primeira vez que un curso acaba un xoves, e se fai a entrega dos diplomas o venres.

Di que UxC non se presenta ás eleccións xerais, pero non lles parece que sexa de recibo que se use á institución, que se use ao Concello de Cambre, para facer propaganda electoral.

Sinala que os cursos se acaban, se manda a documentación á Xunta, e se tarda un ou dous meses en recibir os diplomas, que logo se envían aos participantes por correo certificado. Iso sempre se fixo así. Esta vez a conselleira decidiu facelo mañá. Di que o seu grupo non vai asistir, por suposto, porque entenden que é propaganda electoral.

Conclúe dicindo que a moción van votala a prol.

O Sr. alcalde manifesta que el se propuxo que as cousas cambien neste concello. A decisión da conselleira, nun curso que paga ela, non a pode tomar el. É verdade que

neste concello nunca se fixo iso, pero debería terse feito, igual que os policías cando van ao curso na Estrada e acude o presidente da Xunta para entregar os diplomas, o mesmo pode facer a conselleira, dado que o curso o paga a Xunta. É certo que se trata dunha instalación do municipio de Cambre, con xente de Cambre, pero é un curso da Xunta, e el non vai poñer límites á conselleira se lle di que quere vir aquí. É posible que neste caso sexa por unha cuestión electoral, pero el teríase alegrado se en todos os cursos anteriores, ao terminar, aos alumnos se lles tivera entregado o diploma. Teríalle alegrado moito, fora o partido que fora o que estivera no goberno municipal.

Di que o Sr. García Patiño pode consideralo unha medida electoral, e pode ser posible, el non o pon en dúbida, tamén se inauguran pontes, se inauguran estradas, pero para el o que máis vale é que os alumnos cando terminen o curso leven o diploma.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que hai 15 días rematou un curso e non se entregaron os diplomas. Agarda que a partir de agora, o día que se acabe, ou ao día seguinte, tamén veña a Sra. conselleira a entregar os diplomas, que a Xunta de Galicia traballe coa mesma celeridade a partir de agora. El se alegra de que apuren, que traballen, que fagan dun día para outro os diplomas, e os manden por mensaxería urxente pagada por todos os cidadáns, alégrase moito de que dean esa imaxe de traballo e rapidez, claro que si, pero lémbrale simplemente, que hai 15 días rematou outro curso, e non se fixo.

O Sr. alcalde contesta que se foi así, entón mal feito, porque el ten intención de facelo, veña a conselleira, veña o presidente do goberno, ou veña o príncipe de Asturias, pero pensa facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non é este o momento para debater o tema dos cursos, pero que a eles os feitos e as actitudes dalgunhas persoas as descualifican, porque non é de recibo facer ese tipo de presentacións como é a entrega de diplomas.

En canto ao tema que están agora a debater, que é a moción presentada polo PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que eles tamén van votar a prol da moción do PSOE, xa que faltaría máis que se opuxeran a calquera tipo de petición para Cambre. O que están é á espera de ver como son esas achegas extraorxamentarias das que falou o Sr. alcalde, imaxinan que non serán en B. Di que tamén tiñan moitas esperanzas de que cun goberno agora do PP en Cambre, o goberno amigo da Xunta tería un mellor trato con este municipio, xa que aínda que se fían desas achegas extraorxamentarias, tamén quererían que na achega orxamentaria se vira un maior orzamento para Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai apoiar a moción e felicita ao grupo socialista pola súa proposta. Di que

tamén se quere sumar ás queixas do Sr. García Patiño, porque tamén pensa que non é de recibo que veña mañá a conselleira, con tanta celeridade, a facer campaña para o domingo. En todo caso, di que oxalá traia algunha boa noticia para o transporte adaptado para Cambre.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que non se trata de crer ou non crer na conselleira, trátase de que as relacións entre diferentes administracións se formalicen por medio de documentos, e o único documento que teñen por escrito da conselleira de Sanidade, incumpriuse, e iso é o que reprochan. Poden entender a súa boa vontade, e que agora se diga que no primeiro trimestre do ano que vén vai estar licitada a obra, pero pregunta se o Sr. alcalde coñece o proxecto da obra, pregunta se está no concello, porque entende que para licitalo, primeiro terían que ter información de que tipo de centro se quere facer, que servizos se van a incorporar.

Di que oxalá en xaneiro se estea licitando esa obra, que se poida executar ao longo do 2012, e que teñan un centro de saúde no Temple como os veciños daquela zona precisan, pero o certo é que o seu grupo non está para actos de fe, senón para as decisións formais e lexítimas que se acaden nas diferentes administracións, entre outras cousas porque cre que o Sr. alcalde está confundindo un pouco o seu papel, e está actuando un pouco como voceiro da Xunta. Pregúntalle que vai ocorrer se no primeiro trimestre do ano 2012 esa licitación non se leva a cabo, pregúntalle como queda o alcalde de Cambre. Di que a el iso preocúpalle, e por iso lle pide que non poña a man no lume por outras persoas, e neste caso por outras administracións que veñen reiteradamente incumprindo co municipio de Cambre.

O Sr. alcalde responde que el dixo o que dixo porque o venres estivo reunido coa conselleira dona Pilar Farjas. Se o expediente non se licitou este ano foi porque a Xunta o tivo que remitir a Madrid, que por certo é un goberno socialista, para a súa aprobación. Tan pronto como o recibiu de Madrid foi cando a conselleira o chamou para citalo en Santiago e lle dixo que estaba aprobado e que se ía licitar nos próximos meses. O atraso que sufriu non foi por culpa da Xunta de Galicia, e non é porque el queira defender á Xunta, pero si é verdade que ese expediente necesariamente tiña que ir a Madrid, e todo o atraso que tivo foi no goberno central. Por tanto, non é un problema de acto de fe, el foi cando o chamou a conselleira, e a conselleira ensinoulle os papeis de que acababa de chegar de Madrid a aprobación dese asunto.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que tamén é unha coincidencia que o seu grupo presente unha moción e o mesmo día a conselleira se reúna co Sr. alcalde para dicirlle que o tema vai para diante. Di que se queda con esa coincidencia e non vai entrar máis no tema, en todo caso, repite que un centro de saúde obedece a un proxecto que o Sr. alcalde comentou agora mesmo que coñece, e que non estaría de máis que lle pedira á conselleira que o fixera chegar ao concello para que os demais grupos puideran ter coñecemento del.

Tamén lle sorprendeu que aparecera na prensa falando da escola infantil, dicindo que dende o executivo autonómico, no 2012, se iniciarán as obras da escola infantil de Cambre. Pregúntalle se hai proxecto ou se están agardando tamén a que lles chegue un permiso de Madrid. E esas son manifestacións do Sr. alcalde que está lendo literalmente de 'El Ideal Gallego', onde se recolle que o Sr. alcalde dixo, que *“tamén se lle prometeu dende o executivo autonómico que no 2012 se iniciarán as obras da escola infantil da localidade.”*

Conclúe dicindo que el cre ao Sr. alcalde, pero que entre administracións actos de fe os menos posibles. Con documentos vaise a todas partes.

O Sr. alcalde contesta que el di o que di, e que parece que o Sr. Rey Moreno cre máis ao que pon nos xornais que ao que el lle conta. Di que llo demostra con documentos, e que a el non lle importa o que diga o xornal, el sabe o que dixo e onde o dixo. Pídelle que teña en conta que a reunión con dona Pilar Farjas foi antes de que o PSOE presentara a moción, e a nota de prensa saíu no xornal o día que se presenta a moción, pero a prensa sae ás cinco ou seis da mañá.

Dille ao voceiro do PSOE que se quere saber algo, que llo pregunte directamente, que non se fie do que poña nos xornais, porque está case seguro que non son coincidentes as noticias de 'El Ideal Gallego', 'La Opinión' e 'La Voz de Galicia', porque el do tema da Galiña Azul non deu data ningunha, porque non a pode dar. Sabe que hai un compromiso por parte da consellería de que vai haber unha Galiña Azul en Cambre, pero non ten datas de licitación dese proxecto, nin sabe se ese proxecto está redactado. El o que sabe é o do centro de saúde, e ten o compromiso da conselleira de Benestar Social de que se fará o colexio. Iso é o único que lle pode dicir.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno sinala que se a noticia que sae en 'El Ideal Gallego' non se atinxe á realidade, o Sr. alcalde conta cun fantástico servizo de prensa para ao día seguinte rectificalo, cousa que non ocorreu, e se non se rectifica enténdese que o que se recolleu nesa noticia é a realidade. Non quere afondar máis neste tema, porque o importante, evidentemente, é que neste ano se comece a executar a obra do centro de saúde do Temple, e o máis rapidamente posible tamén dentro deste ano, como manifestou a conselleira de Traballo e Benestar Social, a escola infantil do Temple. Iso é o importante, pero as formas tamén o son.

O Sr. alcalde manifesta que está de acordo co voceiro do PSOE en que o importante son os investimentos que faga a Xunta neste concello, e pode que se lle escapara a rectificación na prensa, porque el os xornais di que os mira moi por enriba, non perde o tempo nesas cousas, porque coa que está caendo, bastante ten que facer neste concello. Polo tanto, o importante é o investimento que faga a Xunta. El xa dixo dende o primeiro momento que ían votar a prol da moción porque cren que se a Xunta lle é posible, pode dar máis diñeiro para facer obras en Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

**B) Moción do grupo municipal de EU para instar ao goberno do Estado a modificar a Lei hipotecaria co fin de regular a dación en pago e adoptar as medidas necesarias para evitar os desafuzamentos por motivos económicos**

Rexistrada de entrada ao núm.18150 o día 11 de novembro de 2011, xunto cos rogos e preguntas para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Visto que co estalido da crise e o aumento do paro, centenas de miles de familias chegaron a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas.

Visto que segundo os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, só entre 2007 e 2010 no conxunto do Estado producíronse preto de 300.000 execucións hipotecarias, e que as previsións din que entre 2011 e 2012 poderíase chegar á cifra de 500.000.

Visto que cando isto sucede, as familias non só se enfrontan á perda da súa vivenda senón tamén a unha condena financeira para sempre: a entidade bancaria interpón unha demanda e iníciase o proceso de execución hipotecaria que finaliza coa poxa do inmovible. Se a poxa queda deserta (cousa que no actual contexto de crise sucede en máis do 90% dos casos), coa lei vixente a entidade bancaria adxudícase a vivenda polo 50% do valor de taxación e segue reclamando o pagamento da débeda restante, máis os intereses e custos xudiciais, ás persoas en situación de insolvencia, mediante o embargo de nóminas, contas, etc., así como embargos aos avalistas. É dicir, ademais de perder a vivenda, miles de familias enfróntanse a unha condena financeira para sempre que se traduce nunha condena á exclusión social e á economía sumerxida.

Visto que esta lexislación que permite que as entidades financeiras adxudiquen as vivendas polo 50% do valor de taxación non só é anómala e non ten comparativa coas lexislacións doutros países do noso contorno, senón que ademais era descoñecida polas familias cando asinaron os contratos hipotecarios. Feito que se suma á publicidade enganosa coa que se comercializaron a maioría desas hipotecas, á sobrevaloración nas taxacións e á linguaxe de difícil comprensión utilizada nos contratos que agora se descobre que en moitos casos escondía todo tipo de cláusulas abusivas.

Visto que consideramos indamisible e totalmente inxusto que nun Estado social e democrático de dereito, todas as consecuencias da crise recaian sobre a parte máis vulnerable do contrato hipotecario e en cambio as entidades financeiras, en boa medida responsables da actual crise, reciban axudas millonarias que saen dos impostos, sen ter que asumir ningunha responsabilidade, ao mesmo tempo que seguen xerando miles de millóns de beneficios anuais.

Considerando que todo o aquí exposto vulnera o actual marco xurídico, posto que o dereito á vivenda é un mandato constitucional, especialmente recollido no artigo 47 da Constitución Española, que di: *“Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito”* pero tamén no artigo 33, que limita claramente o dereito á propiedade privada ao cumprimento da súa función social (e que a día de hoxe incúmprese sistematicamente nos pisos baleiros acumulados por bancos e caixas), ou no artigo 24 que garante a tutela xudicial (vulnerado nos procesos de execucións hipotecarias onde se produce clara indefensión), así como os compromisos xurídicos en materia de dereito á vivenda asumidos polo Estado español ao ratificar tratados internacionais vinculantes como son, entre outros, a Declaración Universal de Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (artigo 11), especialmente a partir da súa Observación xeral número 4 que concreta o contido do dereito a unha vivenda adecuada, e a Observación xeral número 7 que define os desaloxos forzosos como unha das principais vulneracións do dereito á vivenda.

Considerando que todo o aquí exposto depende basicamente dunha normativa de competencia estatal, pero cuxos efectos dramáticos concréntanse no ámbito municipal, posto que é aos concellos onde se dirixen maioritariamente as persoas e familias afectadas en busca de axuda. Así, os concellos convértense en dobremente prexudicados: en primeiro lugar, porque se vulneran os dereitos fundamentais dos seus cidadáns; en segundo lugar, porque en pleno contexto de crise, cando os recursos son máis escasos que nunca, reciben todas as peticións de axuda das persoas e familias empobrecidas.

Considerando que a perda de vivenda priva ao individuo ou á familia de toda residencia, e que, á súa vez, a ausencia de residencia exclúelles de toda vía administrativa, levando por iso a perda de dereitos, impedindo ás persoas afectadas realizarse tanto profesional como familiarmente.

Considerando que, como consecuencia do anterior, os desafiuzamentos, aínda máis cando supoñen o mantemento dunha débeda en forma de condena financeira, levan altos niveis de inseguridade que desencadean a alteración da orde pública e a paz social, e considerando que os concellos teñen o encargo de manter a seguridade e a orde no conxunto do territorio municipal.

O grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Pedir ao goberno central que, tal e como vén propoñendo a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e outras organizacións sociais, aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da dación en pago, de maneira que, nos casos de residencia habitual, se o banco executa a hipoteca e queda coa vivenda, a totalidade da débeda (principal, máis intereses e custos xudiciais) quede liquidada, tal e como sucede noutros países da UE ou en EEUU.

Segundo: Instar ao Goberno a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desafiuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. Para os miles de desafiuzamentos xa producidos, que se aproben con carácter de urxencia medidas destinadas a que os miles de pisos baleiros que están acumulando as entidades financeiras como consecuencia deses embargos sexan postos inmediatamente a disposición das familias desafiuzadas e sen recursos en réxime de alugamento social, non superando nunca o 30 % da renda familiar dispoñible.

Terceiro: Máis aló das medidas de competencia estatal, estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desafiuzamentos, creando unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciñais e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática. O obxectivo principal da devandita comisión será buscar alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos. Nos casos que non sexa posible, garantir o realoxo digno das familias afectadas.

Cuarto: Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, e en especial ao Ministerio de Economía e ao Ministerio de Xustiza, así como aos grupos parlamentarios do Congreso e o Senado, ao Parlamento Autonómico, á Plataforma de Afectados pola Hipoteca e ás asociacións veciñais do municipio.”

O Sr. alcalde manifesta que el tense por un alcalde serio e como tal non se pode comprometer a isto. Di que o seu grupo vaise abster nesta moción a menos que se retire o punto terceiro. Eles están máis ou menos de acordo coa moción, o que non están de acordo é co punto terceiro, xa que nel dise “máis aló das medidas de competencia estatal”, pero esta é unha competencia estatal exclusivamente, os desafiuzamentos son por vía xudicial e polo tanto é o Estado o que ten que tomar medidas nese sentido.

Na moción pídese que a nivel municipal se cree unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal, das asociacións de afectados, veciños, e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática, e que o obxectivo da devandita comisión será buscar alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos nos casos que sexa posible ou garantir o realoxo digno das familias afectadas. O Sr. alcalde preguntalle á concelleira de EU se pretende que o Concello de Cambre se opoña á actuación xudicial, porque iso é o que entende aí.

Segue dicindo que, aínda estando de acordo co resto da moción, non poden estalo co punto terceiro. El non se pode comprometer a crear unha comisión especial mixta na que participen os representantes do pleno, das asociacións e demais, na que sexa posible garantir o realoxo digno das familias afectadas. El non se pode comprometer a iso, primeiro pola situación económica en que está o concello, e segundo porque unha comisión desa magnitude custaríalle ao Concello de Cambre uns fondos que non ten, ademais de que iso é unha competencia do goberno central, e sobre todo dos xuíces.

Polo tanto, di que o seu grupo vota pola abstención, a menos que se retire o punto terceiro.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que esta moción que hoxe trouxeron ao pleno, e que o seu grupo subscribe na súa totalidade, é unha moción que non é deles, é unha moción que subscribiron neste momento 90 concellos de toda España. É unha moción que está realizada por xuristas, por persoas afectadas, por avogados, e é unha moción que non está increpando nin está obrigando a ningún concello a ningunha competencia que non sexa de sensibilidade do propio concello.

Di que a ela hai algo do que o Sr. alcalde acaba de comentar que lle chama a atención, porque no programa do PP para as eleccións do vindeiro domingo recóllese que se instaurarán mecanismos de liberación dos debedores trala execución do patrimonio embargado. Esta frase é exactamente o mecanismo da dación en pago. De cara ao programa dinse unhas cousas, pero de cara ás obrigas con respecto ás familias parece que se fan outras, iso cando hai neste concello situacións moi complicadas co tema dos desafiuzamentos, por iso lle resulta curioso o argumento do Sr. alcalde.

En todo caso, en concreto co tema das comisións, dentro deses 90 concellos que a día de hoxe en toda España apoiaron esta moción, incluídos concellos do PP, hai algúns deles que xa teñen formada a comisión mixta, e é unha comisión mixta que sería exactamente a mesma composición que as comisións informativas permanentes aprobadas coa constitución da Corporación, xunto cun representante da Plataforma de afectados polas hipotecas. Esa comisión extinguiríase unha vez ditaminado ou informado definitivamente o asunto que constituía o seu obxecto, é dicir, ese desafiuzamento. Unha das súas funcións sería a mediación coas entidades financeiras, co obxecto de paralizar desafiuzamentos e instar a que as ditas entidades poñan o seu stock inmobiliario nunha bolsa de aluguer social xestionada polos Servizos Sociais municipais.



Di que ela segue sen verlle un gasto adicional ao concello á hora de crear esta comisión informativa, é simplemente un acto de sensibilidade do goberno municipal.

Conclúe dicindo que como a moción non é súa, non van retirar ese punto. É unha moción que defenden pero que non é súa especificamente.

O Sr. alcalde manifesta que el cre que o programa do PP para as vindeiras eleccións á presidencia do goberno central está claro, niso el está completamente de acordo coa concelleira de EU, pero é que precisamente é o goberno central quen ten que tomar esa decisión, e se vai no seu programa e o Sr. Rajoy chega a ser presidente do goberno, tomará as medidas oportunas nestes casos, pero el cre que os concellos, como tales, non poden facer o que di a moción. Poden facer unha reunión informal, todos, e tratar de atopar solucións, a iso di agora mesmo que si, pero non a crear unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal, asociacións e demais, porque pregunta como se vai articular esa comisión fronte a un xuíz para evitar uns desafuzamentos. Por moito que digan, esa é unha competencia, neste momento, exclusiva do goberno central.

Conclúe dicindo que, como xa dixo, o seu grupo vaise abster, pero se retiran o punto, votan a prol sen problema.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que cre que quedou bastante claro que a moción é ese texto, que é o que se está levando aos concellos. Dille ao Sr. alcalde que están amosando a súa falta absoluta de sensibilidade, porque non é perigoso crear unha comisión especial mixta. Están a botar balóns fóra cando din que é o PP da nación o que presenta un programa e o que vai intentar modificar a Lei hipotecaria, que saben que é inxusta, pero que no concello non poden facer nada.

Dille ao Sr. alcalde que non se olvide que hai moi poucos días tiveron un caso concreto en Cambre, e que o veciño ou a veciña que se ve afectado por un drama tan sumamente importante como este, non vai ao Sr. Rajoy, vai ao concello para que o concello tutele e intente mediar. Outra cousa é que se poida conseguir ou non, pero o sentimento desta moción cre que está moi claro na exposición de motivos, é ter esa comisión especial mixta, que non ten ningún tipo de responsabilidade sobre a modificación da Lei hipotecaria, xa o saben.

Non quere entrar en ningunha discusión, xa que se trata dun texto que están defendendo porque cren integramente nel, e nas persoas que están detrás del, non o van a modificar, porque non son ninguén para facelo, pero lamenta moitísimo que non apoiem a moción positivamente.

O Sr. alcalde reitera que apoia a moción. O Concello de Cambre, sen ter que recorrer a ningunha comisión de ningún tipo, atende a todas as persoas que veñen cun problema dese tipo. O problema ao que aludiu a Sra. concelleira, foi atendido no Concello de

Cambre, e parouse o desafiuzamento precisamente pola intermediación dos Servizos Sociais do concello.

Reitera que apoian a moción se retiran o punto terceiro, e se o PP gaña as eleccións nacionais, el será o primeiro en insistir en que se cumpra o programa, pero Cambre non ten os medios suficientes neste momento para crear unha comisión dese tipo. Para estes casos xa están os Servizos Sociais, e precisamente se se parou o desafiuzamento da persoa á cal se aludiu, foi precisamente pola mediación dos Servizos Sociais.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que para rematar, e non entrar en máis discusións, non van modificar a moción. Sabe que o tema o sacou ela, pero cre que este non é o momento para falar de persoas ou casos concretos. Saben que os Servizos Sociais, como é o seu labor, porque non é un mérito especial, estiveron detrás deste caso, pero a comisión que propoñen ten o carácter e a sensibilidade concreta que lle indicou, de xeito que o seu grupo non vai modificar o punto da moción.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo quere amosar o seu apoio á moción, en todos os seus termos, porque entenden que máis aló da súa literalidade o que se lles está solicitando é que manifesten a súa vontade de cooperar na eliminación desas situacións inxustas, como é o desafiuzamento por falta de pago de préstamos hipotecarios, xa que pola crise económica que se está sufrindo, hai moitas familias que caeron nesta situación.

Insisten en que máis aló da literalidade, o que poden é poñer o seu gran de area dende a Corporación, en función das súas posibilidades económicas e, evidentemente, dentro da legalidade, para que este tipo de situacións poidan superarse ou, polo menos, paliarse no posible. Non se lles está pedindo que vaian máis aló das súas posibilidades, e nese sentido subscriben o espírito e contido da moción, e o que lles queda é poñerse mans á obra para que dentro das súas posibilidades, unha vez máis, buscar solucións a esas situacións tan inxustas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, e felicita a EU por traer esta moción ao pleno.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vota a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **6º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 17526 o día 26 de outubro de 2011, procedente do *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino* no que acusa recibo da certificación do acordo plenario de data 22 de setembro de 2011, en relación coa moción en apoio da ría do Burgo, e se comunica que se dá traslado do citado acordo á *Secretaría de Estado de Medio Rural y Agua*, centro xestor competente na materia.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1705 de data 24 de outubro de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Modificar a Resolución da Alcaldía número 996 de 17 de xuño de 2011, de creación das áreas de goberno e ámbito material delas, co fin de incluír dentro do ámbito material da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, a materia relativa á mobilidade e redes de transportes, polo que a citada área queda integrada polos servizos e actividades relativas ás seguintes materias:

- Fomento do deporte
- Cursos e escolas deportivas
- Relación con clubs e asociacións deportivas
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización dos equipamentos deportivos e casa da xuventude
- Voluntariado social
- Mobilidade e redes de transportes

Segundo: En consecuencia co anterior, a delegación xenérica conferida a prol do quinto tenente de alcalde mediante Resolución de Alcaldía número 999 de data 17 de xuño de 2011, respecto da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, enténdese modificada co fin de incluír a totalidade dos servizos e actividades municipais relativas ás materias reflectidas na alínea primeira desta resolución, manténdose en todo o demais.

Terceiro: De conformidade co establecido nos artigos 50 e 51 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese a presente resolución ao interesado para a súa aceptación expresa, dada a asunción de novos servizos. Non obstante, se entende aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa perante o alcalde de que non acepta a modificación da delegación, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

A Sra. secretaria informa que esta delegación foi aceptada o día 2 de novembro de 2011.

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 18143 o día 11 de novembro de 2011, xunto coas preguntas.

1º Veciños de Fraís transmítennos as súas queixas polos problemas que lles veñen ocasionando as escorrentías de augas de choiva que baixan polo camiño lateral ao edificio da “Sociedad La Juventud de Cecebre”.

É frecuente que os tubos que as conducen estean atascados, resultando, polas súas dimensións, insuficientes para recollelas en días de precipitacións fortes. Nestes días as augas cruzan por riba da estrada autonómica e introdúcense no interior das vivendas, causando danos. Así mesmo a escorrentía deposita pedras, areas e terra na plataforma de circulación do vial dando lugar a desprazamentos dos vehículos co conseguinte perigo de accidentes. Por todo o anterior:

Solicitamos se dean as ordes oportunas para limpar as canalizacións existentes e se leven a cabo as obras precisas para mellorar a recollida e condución de pluviais na zona, co fin de evitar as molestias e danos que se causan.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que hai un mes que se limpou todo, rozaron a zona e recolleron as follas, pero pode que se volviera atascar coa caída da folla.

Tamén está outro tema, que non sabe a quen se lle ocorreu, que é que o desaugadoiro das augas do tellado de “La Juventud de Cecebre” vai saír onde a pista polideportiva. Metéronlle un tubo de plástico, e en vez de metelo á canalización o que fixeron foi metelo para a beirarrúa, sacalo para fóra, e está alí botando para a beirarrúa. É dicir, con independencia de que un día que chova moito a canalización non teña capacidade suficiente, tamén está o problema de que alguén puxo as augas do tellado e da pista polideportiva cun tubo que sae de arriba directamente á beirarrúa. Mandou reparar iso, pero que de momento a brigada non tivo tempo de conectalo para abaixo.

Don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, agradece a resposta, pero di que alí, de todas maneiras, subindo cara a Guísamo, conflúe a pista que baixa paralelamente ao pechamento de “La Juventud”, e ao lado tamén hai unha pista que polo que lles informaron os veciños é particular. Esa pista particular está con areas e demais, e é moi fácil que algunhas areas proveñan tamén desa outra pista. Entenden que tamén se podería instar ao propietario a que abra unha pequena gabia, antes da saída á estrada, para evitar precisamente que escorran todas as areas. Cre que é importante tamén esa

comunicación con ese veciño para evitar o problema.

Don Manuel Marante Gómez responde que irá velo para ver se poden facer algo.

2º Reclaman veciños da zona do Temple sobre o problema de inseguridade na circulación que se ven producindo na incorporación de vehículos que, procedentes da rúa Travesía da Igrexa, queren incorporarse á estrada provincial de Cambre ao Temple, dende a rúa sen nome que vén paralela á praza José Luis Caso Cortines. O frecuente aparcamento de vehículos sobre a vía provincial, na zona pintada con liña amarela, e tamén na marxe sen asfaltar e limitada por un valo de obra da rúa de incorporación, provoca falta de visibilidade para os condutores o que dá lugar a situacións de risco de accidentes. Por todo o anterior:

Solicitamos se analice tecnicamente a situación da confluencia dos viais citados, adoptando as medidas oportunas de sinalización vertical e horizontal, así como de vixilancia policial, co fin de evitar os perigos denunciados.

O Sr. alcalde contesta que mañá pasará este tema aos servizos técnicos para ver a mellor solución dese cruzamento.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, manifesta que hai unha zona alí en concreto que é a confluencia desa rúa cara ao Temple, que está pintada en amarelo, pero é frecuente que haxa alí vehículos aparcados, co cal a visibilidade é mínima.

O Sr. alcalde reitera que llo pasará aos servizos técnicos para que tomen medidas e iso se solucione, e incluso se saque o valo que está interrompendo o tráfico.

3º Téndose dado polo noso concello un paso moi importante na busca de canles de participación dos veciños na vida pública por medio de aprobación do Regulamento de participación cidadá, faise necesario adoptar medidas para o coñecemento e difusión del entre os veciños e as asociacións municipais. Por parte do goberno municipal non se ten dado nin un só paso para facer chegar este importante documento á cidadanía. Baste dicir que, a día de hoxe, nin tan sequera está publicado na páxina web municipal. Por todo isto:

Solicitamos que se dea a máxima difusión ao Regulamento municipal de participación cidadá, realizando unha edición en formato folleto, remitíndoo a todas as asociacións do concello, así como aos veciños que o demanden, ademais da súa publicación na páxina web municipal.

O Sr. alcalde contesta que este rogo xa o fixo o grupo de EU nun pleno anterior e el xa dixo o que vai dicir hoxe, que está previsto e que se deron todos os pasos para facer un foro onde participarán todas as asociacións e colectivos veciñais, para dar a coñecer o funcionamento do Regulamento de participación cidadá. Di que isto foi o mesmo que contestou no anterior pleno.

Vaise facer tamén unha difusión do regulamento, para que todo o mundo o coñeza, e está colgado na páxina web municipal. Di que el prefire facer o foro, porque el participou nos sete ou oito foros que houbo antes de que se aprobara o regulamento municipal, e por tanto cre que a mellor solución é participar no foro. Por tanto, no mes de decembro fixarase o día para que os colectivos veciñais veñan e coñezan como poñer en funcionamento o Regulamento de participación cidadá.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 18150 o día 11 de novembro de 2011, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º A recuperación, vixilancia e mantemento do público é unha obrigaón do goberno municipal. O estado da maior parte das marquesiñas do concello non están cumprindo a función para a que foron instaladas, e o seu estado de deterioración pode poñer en perigo a integridade física das persoas.

Por isto pregamos se sinalicen as marquesiñas deterioradas apercibindo do perigo, e realicen as correspondentes actuacións para proceder á súa inmediata reparación ou reposición, segundo proceda.

Don Manuel Marante Gómez contesta que a maior parte das marquesiñas non están deterioradas. Hai unha parte delas que efectivamente están deterioradas, pero tamén lle parece que non é necesario poñerlle un cartel a calquera usuario das marquesiñas dicindo que está rota, supón que ese usuario verá que está rota e que ten que ter coidado.

Di que están tratando de ir reparando, na medida do posible, todas as marquesiñas que se van enterando que rompen, porque cada día, cada fin de semana, hai marquesiñas rotas, destrozadas por personaxes que seguramente moitos veciños saberán quen son. Dinlles que están rotas, pero non lles din quen as rompe.

Explica que el está asinando facturas de reparacións de marquesiñas de 800 ou 1000 euros moi a miúdo. Ademais hai marquesiñas, que son case sempre as mesmas, que se reparan hoxe e para a semana seguinte están rotas outra vez, ao mellor é que non fan falta. Iso é público, é de todos, non é soamente dos gobernantes, nin dos concelleiros, nin da oposición, é de todos os veciños e todos teñen que mirar por coidar un pouco as cousas, porque senón, ao final, onde se vexa que se rompen continuamente haberá que quitálas, ou poñelas de aceiro para ver se así non as rompen.

Conclúe dicindo que os concelleiros que levaron Obras e Servizos antes que el, e que están presentes, saben que iso é unha vida perdida, é dicir, hai zonas onde as destrozan. Póñense hoxe e mañá están rotas, e sobre sinalizalas el cre que os usuarios ben poden ver como están. Eles van arranxando as que poden, pero non dan feito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, sinala que dixo o Sr. concelleiro que se traen as denuncias pero que non se denuncia quen é o que as rompe. El non o sabe, entre outras cousas, porque el non é policía do concello para andar investigando.

Por outra parte el cre que o concello ten a obriga de prestar un servizo público aos veciños, e de manter as marquesiñas en debidas condicións, tendo en conta que esas marquesiñas son utilizadas por persoas maiores, e sobre todo por nenos e nenas pequenos que ás veces descoñecen o perigo que supón, que descoñecen o perigo de desprendemento dun cristal que lles pode caer na cabeza, co conseguinte risco dunha desgraza importante.

Reitera que é unha obriga do concello manter este servizo público, e incluso sinalizar as marquesiñas danadas, porque sería unha responsabilidade que onde haxa unha marquesiña con deficiencias non se sinalice e haxa unha desgraza. O responsable subsidiario sería o Concello de Cambre.

El cre que é unha demanda que lles transmiten os veciños e que o concello debería ter unha especial sensibilidade neste caso, e noutros parecidos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el está de acordo en que teñen que reparalas, o que pasa é que non dan feito. Vixilalas, tamén, pero non poden poñer un policía en cada marquesiña, parécelle que non, porque entón terían que subirlles os impostos aos veciños de Cambre bastante, para poder pagalo, e con iso parécelle que tampouco están de acordo.

El cre que o primeiro que hai que facer é que eses señores maiores que se sentan nas marquesiñas, que lle digan aos netos que as coiden. E aos nenos pequenos, que van levar ao colexio os seus pais, que son mozos, débenlles dicir que esa marquesiña hai que coidala, e cruzar polos pasos de peóns e non por medio da estrada ou ir por fóra das beirarrúas con eles da man, iso tamén o teñen que facer os pais, ensinar, e entre todos poderán ter un Cambre un pouco decente. Doutra maneira, rompendo todo, o concello ten a obriga de arranxalo, claro que a ten, pero tamén todos teñen a obriga de vixilalo, porque é de todos.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non lle discute que sexa de todos, evidentemente deben facer o posible por respectar e coidar tanto o privado como o público, pero o que se pide no rogo e que se leve a cabo a reparación e reposición, segundo proceda. Di que el non vén aquí a dar clases de paternalismo nin doutras cousas.

Don Manuel Marante Gómez pregunta por que entón lle fala dos señores maiores que son os que as usan, máis os nenos. El estalle explicando que eses que as usan, os seus netos ou os seus familiares, son os que as rompen.

2º A pesar da insistencia do noso grupo, na estrada CP-1702 nas inmediacións do instituto David Buján, a día de hoxe segue sen contar con paso de peóns, e dos elementos minimamente necesarios para garantir ao máximo posible a seguridade das persoas.

Polo exposto, pregamos ao goberno realice as xestións oportunas ante a Deputación provincial para habilitar un paso de peóns e demais medidas de precaución para minorar o risco de perigo na zona.

O Sr. alcalde contesta que este é un tema recorrente. El xa dixo en plenos anteriores que xa fixo as xestións coa Deputación Provincial, o único problema que aprecian nesa estrada e que dunha marxe teñen senda peonil, pero doutra marxe non a teñen. Por iso, unha das cuestións que lle propuxo á Deputación Provincial é precisamente, non soamente facer o paso de peóns, sobreelevado, por suposto, senón que tamén fagan un trozo de senda ou de beirarrúa no lado onde non a hai, porque senón o paso de peóns non se pode poñer, iso por lei.

Por tanto di que esta cuestión xa está feita, non só ese paso, senón outros na mesma estrada que chega ata Santa María de Vigo, etc. É unha xestión que xa está feita e agardan que a Deputación responda nun prazo breve.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que para eles foi e segue sendo unha actuación prioritaria que se debe realizar, tendo en conta que nese punto cruzan diariamente moitísimas persoas, sobre todo nenos que veñen da zona do Souto.

3º Veciños/as da urbanización da Barcala denunciaron ante o noso grupo municipal o estado en que se atopan dous cadros eléctricos situados na entrada da urbanización e nas inmediacións da Galescola, as ditas instalacións poden producir risco para a seguridade das persoas. Por isto o noso grupo prega realizar con urxencia cantas accións sexan necesarias para corrixir as deficiencias nas instalacións mencionadas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que disto xa tiveron aviso hai un tempo. Mandou arranxar e repoñer as tapas, pero, en todo caso, están sen servizo eléctrico, non hai perigo. En canto poidan, quitaranos ou o que sexa, pero están inutilizados.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 18143 o día 11 de novembro de 2011, xunto cos rogos.

1ª A día de hoxe Cambre conta con arredor de quince grupos musicais de rock formados maioritariamente por rapaces do noso concello. Esta realidade constitúe un activo cultural municipal de indubidable importancia, que debe ser valorado e apoiado. Resulta evidente que este tipo de grupos necesita dunhas instalacións axeitadas para levar a cabo a preparación e ensaio dos seus temas e repertorios. Así con outras actividades que teñen que ver coa música e o canto (corais, bandas) contan con locais municipais para



formarse e ensaiar, non ocorre o mesmo con estes grupos.

O anterior goberno municipal xa tiña dado pasos neste sentido empezando coas obras de acondicionamento de locais de ensaio situados na urbanización da Barcala. Por todo iso este grupo pregunta:

Cal é o estado no que se atopa o acondicionamento dos citados locais de ensaio? Cando se ten prevista a súa cesión de uso aos grupos musicais do concello?

Don Fernando Caride Suárez contesta que lle alegra a primeira parte da pregunta, que estean de acordo en que é unha instalación que é necesaria para os grupos do concello, pero sorpréndelle que digan que o anterior goberno municipal, socialista por certo, tiña dado pasos, porque non é que tivera dado pasos, senón que o 4 de setembro de 2010 recepcionou a obra. Segundo o goberno socialista a obra estaba terminada.

Continúa dicindo que segundo o goberno socialista a obra estaba terminada, pero que como con outras moitas obras que se realizaron por parte do anterior goberno, atópanse con que é un exemplo de como non se deben facer as cousas, e non só é unha cousa que diga el, é o que din os propios grupos, porque é o peor local que se podía destinar a local de ensaio. Entre outras razóns porque para acceder a ese local de ensaio hai que acceder primeramente a varios locais municipais, unha sala de usos múltiples e unha sala destinada a informática, co cal o acceso non pode ser libre, polo tanto, tería que haber unha persoa controlando eses accesos, dado que é unha instalación municipal e non se pode realizar unha cesión aos grupos.

Pero non só iso, tamén se encontraron con que hai un erro de cálculo por parte da anterior concelleira do BNG, e para poder poñelos en funcionamento, faríalles falta en torno aos 60 ou 80.000 euros, iso dito pola anterior concelleira, que solicitou os orzamentos pouco antes de deixar o seu cargo.

Conclúe dicindo que tiveron reunións coa Xunta e agardan que lles axuden no financiamento desa instalación que lles deixaron a medias.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que os locais, ata o que el entende, están insonorizados, e están pendentos do acondicionamento técnico que cre lembrar ía realizarse a través dun acordo ou dun convenio coa Xunta de Galicia, é dicir, o Concello de Cambre encargábase de acondicionar o local e a Xunta do seu acondicionamento técnico.

Gustaríalle saber cal é a opinión real dos diferentes grupos de rock de Cambre e invita ao Sr. concelleiro a que celebre unha reunión onde poder consensuar se ese local realmente é, ou non, utilizable nas condicións nas que está, porque tamén lle recorda que moitos dos grupos actualmente teñen que desprazarse fóra do concello, e pagar alugueres por utilizar locais que probablemente estean en peor situación da que se atopa actualmente o local municipal.

Don Fernando Caride Suárez agradece a invitación pero contesta que é unha reunión que xa tivo lugar, e que de feito houbo tres reunións.

De todas formas, en relación co tema do tratamento acústico, el invita ao concelleiro socialista a que solicite o informe, ao igual que fixeron outros grupos políticos, no cal a primeira partida solicitada por un concelleiro da coalición que estivo antes no goberno, son 36.000 euros para tratamento acústico, a primeira partida, porque faría falta unha segunda fase para ese tratamento acústico. Esa documentación está dispoñible e así a consultou algún outro grupo político.

Conclúe dicindo que o 15 de xullo houbo unha reunión co director xeral de Xuventude, ás poucas semanas de tomar posesión o novo goberno municipal, ou sexa, todos os pasos aos que lle invitan, xa se deron.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que simplemente está pedindo información, e tamén lle di que ata onde eles coñecen fixéronse probas de son, que en principio non afectan ás persoas que viven no edificio. Por iso gustaríalle que os grupos de rock valorasen tamén se ese local, dende o punto de vista acústico, con independencia de que non se teña executado na súa totalidade, pode ser operativo para o fin previsto.

Don Fernando Caride Suárez responde que o maior problema que se atopan cos locais non é só o tratamento acústico, é que para acceder aos locais, para dar servizo aos usuarios, hai que darlles acceso a outras dependencias municipais, e iso non é viable. Non é viable que se autorice a unha persoa para ensaiar nun local de ensaio e que teña acceso a outras dependencias municipais, cos perigos que iso leva consigo. Cre que ata aí chegan todos, e incluso chegan os propios grupos, porque como xa lle dixo a reunión cos grupos xa tivo lugar. Invítalle a que vaia a ver os locais e vexa a problemática que teñen, como fixeron outros grupos políticos. E unha vez alí, cos informes na man, cos orzamentos do anterior equipo de goberno, explicaralle a problemática.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, despois desta clase maxistral que deu o Sr. concelleiro, gustaríalle que aclarase algo, porque tamén dixo que esa obra estaba recepcionada. El que é novo na política pregunta se cando unha obra se recepciona existe un informe dos técnicos.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que el cre que a pregunta está contestada. Se a obra foi recepcionada e hai uns informes técnicos o Sr. concelleiro do partido socialista sabe que os ten á súa disposición. Non van agora a informar das cuestións técnicas de por que foi recepcionada a obra, cando, de que forma, e como a deixaron, é dicir, eles atopáronse co problema. Sinala que el aprecia a música e que unha das súas preocupacións son os grupos musicais, as corais, as bandas de música, etc. Cando se propuxeron entrar nese local atopáronse con dúas situacións, hai unha aula de informática e unha ludoteca pegadas ao local e con portas que dan ao mesmo local, é dicir, para acceder ao local dos músicos hai que pasar por elas. Ese é un problema que

teñen que solucionar, hai un orzamento que quedou no limbo, aínda que a obra está recepcionada. O concello non ten neste momento efectivo dispoñible para facer esa obra, por tanto, o día 15 de xullo, como dixo o concelleiro, reuníronse co director xeral e trataron este tema. Tamén se reuniu o concelleiro cos grupos musicais, e iso é o que poden dicir. O informe técnico non o teñen aquí, pero como dixo o concelleiro da área, o teñen á súa disposición en calquera momento, e tamén poden ir ver os locais.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que lle parece unha resposta adecuada e agradece a contestación.

2ª No pasado mes de setembro, unha vez rematado o procedemento de licitación (incluída a dirección de obra), o goberno local adxudica a obra da cuberta da pista polideportiva do colexio Portofaro, unha infraestrutura necesaria e de urxente execución para o disfrute dos escolares do devandito centro de ensino. Pois ben, dous meses máis tarde, esta obra nin tan sequera ten comezado, sen que saibamos con certeza que razóns motivan esta situación.

Ante a incerteza que manifestan tanto pais e nais como profesionais do colexio Portofaro, é polo que o noso grupo pregunta:

Cales son as verdadeiras razóns de que unha obra adxudicada como esta, de recoñecida urxencia, non se atope en proceso de execución?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que esta obra non está aínda comezada porque dende o concello se detectou que hai un problema coa solución adoptada polo redactor do proxecto, porque non recollía estrictamente os datos do estudo xeotécnico, co cal a solución que dá non sería a correcta. Nestes momentos están estudando unha nova solución que se adapte ao contido do estudo xeotécnico. Intentarán que comencen as obras o antes posible.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta cal foi concretamente o problema e cal é a alternativa que se está estudando.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que no estudo xeotécnico dicíase que tiñan que chegar a unha profundidade de 1 a 1,5 veces o ancho da zapata. O proxectista considerou o ancho da zapata de 1,60 metros, cando en realidade é de 2,20 a 2,50, co cal o proxectista dicía que tiñan que ir a unha zapata de 1,60 cando realmente, en total, van ter que ir a un total de 3,75 metros. O proxectista propoñía unhas zapatas illadas que con estas dimensións serían de difícil execución e, polo tanto, probablemente terán que ir a unhas zapatas corridas ou a uns pilotaxes. Estase estudando que proxecto sería máis económico dentro desas dúas solucións.

Don Jesús Bao Bouzas pregunta pola afectación orzamentaria que pode orixinar esa modificación, e o incremento que vai supoñer.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que iso é o que están estudando. Están pedindo orzamentos para ver esa diferenza.

Don Jesús Bao Bouzas solicita que manteñan a todos os grupos informados, en tempo real, de como vai o proceso, para poder coñecer canto pode afectar tanto en cuestión de prazos como economicamente.

Dona Rocío Vila Díaz responde que en canto teñan os datos, farállelos chegar.

3ª O uso da zona axardinada da Praza Europa, situada detrás da casa do concello, como lugar de xogos por parte dos rapaces (bicicletas, fútbol, etc.) produce desperfectos nos arbustos, árbores e céspede. Diante das queixas recibidas de veciños da zona, que observan a deterioración que este espazo público está a sufrir, e tendo en conta que este espazo non está acondicionado para a utilización lúdica que se lle ven dando, este grupo pregunta:

Que medidas ten pensado adoptar o goberno municipal para manter en boas condicións este espazo axardinado conciliando isto co seu uso como zona de xogos infantís?

Don Manuel Marante Gómez contesta que, en principio, non hai nada pensado para esa zona. Efectivamente os nenos xogan coas bicicletas ou coa pelota, pero é que non teñen outro sitio. Cando saen do colexio ou os pais están tomando un café, xogan aí e no parque detrás da igrexa, é o sitio que teñen para poder xogar e andar un pouco en bicicleta.

Di que se remite un pouco ao que falaba antes das marquesiñas. Se as nais ou pais ven que destrozan algo, o normal é que lles digan algo, pero el tamén entende que os nenos deben ter un sitio onde xogar, e o destrozo normal que poidan facer mentres xogan parécelle bastante lóxico, e incluso aceptable. O que non é aceptable é que anden rompendo as cousas a propósito, xa sexa marquesiñas, farois, etc., pero ese é outro tipo de historia, neste caso os nenos xogan, e poden romper cousas, iso enténdoo, e en principio, mentres non haxa outro sitio, pensa que deben deixarlles ese espazo.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que están totalmente de acordo. Cre que a queixa dos veciños ía un pouco máis no sentido de tratar de delimitar un pouco a zona axardinada, para que eses xogos dos nenos non entren nos portais ou soportais que hai alí, ou nalgúns negocios nos que ás veces os balóns dan contra os vidrios. A pregunta ía un pouco máis nese sentido, el está completamente de acordo co Sr. concelleiro en que os rapaces teñen que xogar e hai aí un sitio fabuloso para facelo, que se gaste a herba ou iso, é cuestión de repoñela.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 18150 o día 11 de novembro de 2011, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª En que situación se encontran os traballos sobre o inventario de camiños públicos do concello, e cando ten previsto o goberno local entregar aos grupos da oposición o documento e a súa data de exposición pública?

O Sr. alcalde manifesta que vai contestar esta pregunta a todos os grupos por escrito, pero vailles dar unha pequena pincelada. Di que se contratou unha empresa para facer o traballo de inventario de camiños públicos, pero non se lle enviou a documentación requirida para que puideran comezar con ese traballo, co cal, non estaba feito nada.

Cando eles chegaron ao goberno citaron á empresa, e entregáronlle a documentación, iso foi no mes de setembro. Recomendáronlle á empresa que cando chegue o momento da fase do traballo de campo, que eles mesmos requiran a participación de todos os grupos municipais e incluso a cooperación veciñal, porque se non o fan van atoparse con moitísimos problemas.

Conclúe dicindo que a día de hoxe o inventario de camiños públicos está comezado dende o mes de setembro deste ano, aínda que o contrato coa empresa vén de moi atrás. Iso é o que pode contestarlles, se queren pode contestarlles por escrito, con máis documentación que agora non ten diante, pero a situación é esa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU, pide que se é posible lles pasen un informe de como está a situación. Di que esta pregunta vén un pouco a raíz de que estaba previsto co anterior goberno que en decembro do 2010 estivera terminado o traballo. Pasou case un ano e seguen practicamente igual que entón. Por iso fixeron esta pregunta, e porque cren que de cara á elaboración do plan de urbanismo este traballo debería estar xa feito. Tamén pola incerteza que hai en tantos veciños pola titularidade dos camiños, se son públicos, privados ou de serventía. Incluso algúns camiños estanse perdendo, fai pouco recuperouse un camiño a escasos 10 metros de onde están agora, un camiño que estaba practicamente todo cuberto e perdido.

O Sr. alcalde di que lle dá a razón ao Sr. concelleiro, e que non entende por que se contrata unha empresa, se di que no ano 2010 van ter un adianto do documento, e despois atópanse con que a empresa que se contratou non ten nin sequera a documentación para empezar o traballo, e que eles lle tiveron que entregar no mes de setembro. Tamén está de acordo co concelleiro de EU en que hai unha incerteza, e iso poden velo incluso cando o concelleiro de Obras e Servizos vai por aí, ten que limpar un camiño e non sabe se é público ou privado.

Conclúe dicindo que lle pasarán un informe, e que agarda que cando a empresa comece a fase do traballo de campo, poder contar con todos os grupos, e incluso coa participación dos veciños, para saber exactamente como están os camiños, porque senón ese traballo lle pode levar moitísimo tempo á empresa.

2ª O parque infantil situado na praza interior do número 14 da rúa Tapia, correspondente a UE-23, na actualidade segue sen estar aberto ao público.

Cal é o motivo ou motivos que impiden que os veciños poidan facer uso das ditas instalacións?

Dona Rocío Vila Díaz contesta que aínda non está aberto porque por parte da promotora aínda non se teñen subsanado as deficiencias que se detectaron e que se recollen no informe dos técnicos municipais.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que esta pregunta a realizaron hai uns meses, había unha serie de deficiencias que eles consideran que xa deberían estar subsanadas, e o acceso a esa praza pública debería ser de todos, non só dos veciños que viven alí. O acceso a esa praza pública debería estar en condicións, sen enreixado nin pechadura, porque para iso foi declarada praza pública, á marxe das deficiencias que contempla o informe técnico.

Di que a el chámalle a atención unha cuestión, e por iso non quere que este tema quede no olvido. Chámalle a atención as declaracións que fixo o Sr. alcalde na campaña electoral, dicindo que este era un escándalo urbanístico que se trataba de silenciar, por iso lle pregunta que pasa con esa praza, porque el considera que pasou tempo máis que suficiente para que esa praza poida estar ao servizo dos veciños, e corrixiadas as deficiencias, a non ser que o Sr. alcalde lle confirme agora que efectivamente aí existe un escándalo urbanístico que se trataba de silenciar.

Dona Rocío Vila Díaz responde que a promotora aínda está dentro do seu prazo de garantía de obra para subsanar eses defectos, mentres tanto o concello non pode facer nada, cando se termine ese prazo tomarán as medidas adecuadas.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el o que non entende é por que esa praza a están utilizando uns veciños e outros non. Esa praza a están utilizando os veciños que viven alí, e os veciños do resto da zona non poden acceder, iso é o que non se explica el sendo unha praza pública. Di que xa están escasos de zonas de ocio e recreo para nenos e nenas, e por riba teñen unha praza que non poden utilizar.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que non está aberta ao público porque non está recepcionada porque ten unha serie de deficiencias. Se os veciños desa promotora a están utilizando é baixo a súa responsabilidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que a responsabilidade será do concello, e que o responsable subsidiario sempre é o concello, e se é así, que se sinalice, ou que se prohiba aos veciños utilizala.

O Sr. alcalde contesta que el está de acordo co que di o Sr. Taibo, pero pregunta en que situación queda o concello se ten unha obra que está sen recepcionar. Se a abre ao

público a responsabilidade sería súa. O concello mentres non estean subsanadas as deficiencias non pode recepcionar a obra, e a promotora está dentro do prazo para cumprir coas esixencias. Van agardar que se cumpra ese prazo e despois tomarán as decisións oportunas, porque el en campaña electoral dixo o que dixo e segue a mantelo, porque unha praza pública metida como se fora un patio de luces, dentro dos edificios, parece máis unha praza particular, e todos saben o que iso leva consigo, porque houbo outros exemplos, como nos Magnolios, onde ao final houbo que pechar a praza.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el tamén coincide co Sr. alcalde en que para el esa praza nunca se debeu facer como se fixo, pero tamén lle quere recordar que as Normas subsidiarias vixentes no concello, e aprobadas no ano 1994, co seu voto como concelleiro de EU en contra, pero co voto a prol do Partido Popular, e aprobadas tamén pola Comisión provincial de Urbanismo da Coruña, foron as que permitiron esa praza, coa complicidade dos que estaban gobernando naquel momento e do PP que estaba na oposición.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo que lle está falando do pasado. El está completamente de acordo en que nunca se debeu facer esa praza, pero seguen a falar do pasado, a praza está feita e o edificio tamén, e hai que buscarlle unha solución, e para iso é para o que están aquí. Culpar a temas pasados non lles conduce a nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que só quería facer un recordatorio de quen tivo a responsabilidade no seu momento, e quen cumpre ou deixa de cumprir.

En canto ao tema de que a empresa está en prazo, parécelle ben, pero en canto ás persoas que van alí, cre que habería que poñer uns medios para que non se utilizara a praza.

O Sr. alcalde sinala que se as persoas que van alí son as persoas que viven nos edificios, el non lles pode impedir que utilicen a praza baixo a súa responsabilidade. El non pode valar a praza cunha rede. As persoas que están utilizando esa praza son xente que vive alí, o que non debe facer o concello é recepcionar esa obra e abrila ao público para logo ter un problema. Baixo a súa responsabilidade, os veciños que viven alí son os que están utilizando a praza. Eles van esperar a que venzan os prazos para tomar as medidas oportunas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que oxalá non se produza, pero se hai alí un accidente pregunta de quen vai ser a responsabilidade, dos veciños ou do concello.

O Sr. alcalde respóndelle que o concello non a ten recepcionada.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que o concello sempre será responsable subsidiario, esa é a súa opinión.

3ª Ten o goberno do concello a confirmación oficial das partidas orzamentarias da

Xunta de Galicia para o ano 2012? De ser afirmativa a resposta, que valoracións fai dos investimentos previstos pola comunidade autónoma para o noso concello?

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, sinala que esta pregunta coincide bastante coa moción presentada polo grupo socialista.

O Sr. alcalde contesta que xa dixo antes que non ten confirmación oficial, porque é un tema que xurdiu, sobre todo o tema do centro de saúde, a semana pasada, e todo o resto son promesas extraorxamentarias. E como xa o contestou antes, considera contestada a pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que como o Sr. alcalde dixo iso son promesas, e para eles o que ten efectos son os documentos, e sobre todo os orzamentos, e antes quedou claro que os investimentos por habitante en Cambre para o 2012 non deixan lugar a dúbidas. Aquí xa se falaba do centro de saúde, falábase da gardería infantil, e el tamén quería preguntar pola ponte da ría do Burgo ou a rotonda de Fraís en Cecebre.

O Sr. alcalde contesta que o da ponte si, o da rotonda non, porque non depende da Xunta, senón que están implicadas as tres administracións. É un tema que aínda está pendente. El pode dicirlle que o arranxo da varanda da ría do Burgo está contemplada, o tema da rotonda non o está de momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que dende o seu grupo consideran que os orzamentos da Xunta de Galicia para Cambre son insuficientes, antisociais e que dunha maneira importante discriminan aos cambreses e cambresas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as nove horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia